

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE NOVIEMBRE DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de novembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 8, 15, 22, 29 de outubro e 5 e novembro de 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a atribución de funcións da Dirección Xeral de Recursos Humanos ao titular da Asesoría Xurídica do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda a modificación da actual redacción do acordo número 1/110 da Xunta de Goberno Local, do 26 de marzo de 2025, de designación de representantes en órganos colexiados con representación municipal (2025/G004/000691).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase outorgar licenza urbanística para construción de edificio de vivendas na praza de Bretaña, 19 (expte: 2025/Y001/000089).

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS
INTERNOS**

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra, do prego de cláusulas administrativas, e do gasto na contratación das obras de demolición parcial e reposición ao estado orixinal da cuberta de edificio sito en avda. Coruña número 24, andar terceiro e apertura do procedemento aberto simplificado. exp. ref. 2025/C002/000014.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación do concerto dun artista o día 19 de novembro de 2025 con motivo da conmemoración do 25 aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio Mundial da Unesco. exp. ref. 2025/C005/000015.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para a realización de traballos de conservación da Muralla Romana de Lugo 2025/2026, ao realizarse parte das devanditas obras na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

5. PERSOAL.- Acórdase a rectificación do acordo 6/499 bases específicas para o acceso en propiedade de 12 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (2 prazas pertencentes á OEP 2021, 4 prazas pertencentes á oep 2022, 4 prazas pertencentes á OEP 2023 e 2 prazas pertencentes á OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de novembro de 2024.

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.